

## Resposta ao goberno local sobre as comisións



Resposta da Alcaldía ao “COMUNICADO DE AER SOBRE O MAL FUNCIONAMENTO DO CONCELLO DE REDONDELA”:

“Bo día,

*Ante o manifesto desacordo sobre a convocatoria das comisións informativas antes dos plenos, e ante a intención deste grupo de goberno de que todos os concelleiros e concelleiras poidan levar a cabo o seu traballo de forma cómoda, cremos conveniente manter unha xuntanza para buscar unha solución que sexa operativa para todos. Esta xuntanza podería ter lugar o vindeiro luns as 14:15 horas.*

Saúdos.

Alcaldía”

Dende AER agradecemos a rápida resposta do equipo de goberno, pero dubidamos que esta xuntanza sirva para algo máis que para regalarnos os oídos con verbas de como se vai mellorar a situación e aí quedará a cousa. Estamos fartos de pedir que se volva convocar a **comisión de servizos privatizados**. Palmadiña no ombreiro, din que “xa a imos convocar” e os meses pasan e pasan.

Que pasou coa **comisión de investigación da piscina de Chapela**? E a **comisión de seguimento das obras do AVE** van volvela convocar? Bueno, total para o que vale... **As empresas seguen a facer o que lle sae do peto** (por ser finos) e non se multa a nin Deus. Temos feito algo a prol do **paseo polo Val de Maceiras**? Algo escoitamos, pero convoquen a comisión e traian papeliños, que as verbas lévaas o vento, senón pregúntenlle a Ana Pastor. Coa súa forma de actuar, danos a entender que prefiren facelo pola súa conta, non vaia a ser que perdan algún voto. Se iso é traballar en clave Redondela, que baixe Deus e o vexa.

Estamos fartos de pedir estas xuntanzas. Poderíamos seguir pero, para que?. Desexamos que desta vez sirva para algo, e **30 e pico anos despois empecen cambiar as formas de funcionar deste Concello**.

Tamén botamos de menos que os nosos “compañeiros” de oposición non fixeran forza esixindo cambios no modo de recibir a información e maior regularidade nas comisións importantes, como a de servizos privatizados. **Xa é hora de facer as cousas doutro xeito!**

E, para rematar, a continuación deixamos dous exemplos nos que se poden apreciar as intencións de transparencia e de información aos veciños :

*SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 31 DE XANEIRO DE 2013*

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL AER SOBRE INFORMACIÓN VECIÑAL**

#### **ACORDOS:**

1) Crear un taboleiro de anuncios virtual na páxina web do Concello onde se publique o mesmo que no taboleiro do Concello.

2) *Enviar aos grupos políticos e aos membros do consello parroquial correspondente todo aquilo que teña que ser sometido a exposición pública.*

3) *Publicar bandos informativos no entorno da zona afectada."*

**VOTACIÓN E ACORDO:**

*Sometida a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria **rexeita a moción sendo un voto a favor (1 de A.E.R.), dezoito votos en contra (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE) e dúas abstencións (2 do B.N.G.)**.*

Por certo, nesta moción o equipo de goberno argumentou, e o resto da oposición acatou, para votar en contra o exceso de traballo dos funcionarios do concello. AER pregúntase se empapelar Redondela de bandos informativos polas distintas procesións relixiosas non é cargar de traballo aos funcionarios( será que é un traballo celestial).

*SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 6 DE SETEMBRO DO 2012*

*MOCIÓN DE AER SOBRE ACORDOS PLENARIOS*

*ACORDOS:*

*1.- Que o equipo de goberno, automaticamente e sen necesidade de solicitude, facilite na maior brevidade de tempo posible e por escrito aos distintos grupos que conforman o pleno, as medidas tomadas con respecto aos acordos plenarios aprobados no Concello de Redondela. Facilitaranse tanto os rexistros de saída, como a información recibida das distintas administracións instadas, así como as xestións realizadas no ámbito local.*

*2.-Que os efectos deste acordo teñan carácter retroactivo, polo menos dende o principio do actual mandato.*

*VOTACIÓN E ACORDO:*

*Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e **por un voto a favor da moción (A.E.R.), dez en contra ( do PP) e dez abstencións (8 do PsdeG-PSOE e 2 do B.N.G), acordou rexeitar a moción nos antecedentes transcrita.***

Redondela, a 4 de abril de 2013.